



DIARIO DIXITAL DA COSTA DA MORTE

QUE PASA NA COSTA > COSTA DA MORTE > **O SEMESCOM ORGANIZA A RUTA TURÍSTICO-LITERARIA COSTA DO SOLPOR**

COSTA DA MORTE

O Semescom organiza a ruta turístico-literaria Costa do Solpor

LORENA MARTÍNEZ · 6 OCT 2015



A ruta estará guiada polo porpio autor da novela, Xosé M^a Lema

O vindeiro sábado, 17 de outubro, o Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte ([SEMESCOM](#)), en colaboración coa asociación de Escritores en Lingua Galega ([AELG](#)), organiza a primeira excursión en autobús da **ruta Costa do Solpor**.

Trátase dunha **ruta turístico-literaria** de un día que percorre os escenarios naturais da novela *Costa do Solpor* (finalista Premio Xerais 2011 e Premio da Crítica Galicia 2014 de Creación

Literaria) de [Xosé M^a Lema](#), na súa maior parte de grande interese paisaxístico, tal como se describen na sección “O Territorio do/a Escritor/a” da web da AELG.




Na excursión identificaráse a maior parte dos lugares do mapa que aparece na páxina 636 da novela *Costa do Solpor*

A excursión permitirá identificar a maior parte dos lugares do mapa da **páxina 636** da novela: o pazo de Boallo; a casa do Camiño; no litoral fisterrán, a visión dos “espidos peitos da muller enfesta” e da “montaña Vermella”, o porto de Fisterra e a fortaleza de San Carlos; a casa natal do Crego Sabio; litoral muxián: praia da Arnela, monte Cachelmo e a furna da Buserana; Vilasumisa, a vila maldita; litoral camariñán: cabo Vilán, a “Area Escorredía”, o Penal do Veo e a Serra das Penas Rubias; Valverde; os Coídos Xemelgos; os valados litorais, entre outros moitos lugares da zona.

O percorrido será na súa maior parte en autobús, con **algúns tramos a pé** (2,2 km en total na área da punta da Buitra e un total de 1,5 km na área praia do Trece-Santa Mariña). Polo que dende a organización aconsellan levar calzado axeitado.

O guieiro será o propio autor da novela, e contaremos coa colaboración especial do poeta fisterrán **Alexandre Nerium**, que recitará algunhas poesías súas que inspiraron algúns



momentos importantes da obra.

A ruta completa atópase no [web da AELG](#), polo que os participantes poden levala impresa aínda que o seu contido está pensado para varios días e non só para un, e que nela hai tramos longos que só se poden percorrer a pé.

A saída será ás 10 horas de Vimianzo. Tras un percorrido matinal, os participantes xantarán ás 14:30 horas no restaurante O Pinar dos Muíños, en Muxía. O regreso a Vimianzo está previsto que sexa sobre as oito da tarde.

Os interesados poden solicitar máis información e anotarse en semescom.info@gmail.com. O prezo da ruta é de 25€ por persoa e están incluídos o transporte en autocar e o xantar.

Seguirase a orde de inscrición e se houber máis solicitudes de inscrición que prazas disponibles, daráselles prioridade aos socios/as.
